



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
XESÚS FERRO COUSELO



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PLAN ANUAL ACTIVIDADES

CURSO 2024- 25

INDICE:

1 INTRODUCCIÓN

2- MARCO LEXISLATIVO

3-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

4-OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN :

4.1-Atención a diversidade

4.2- PAT

4.3- POAP

5- PLANIFICACIÓN E ACCIÓNS PRIORITARIAS

5.1-PLANIFICACIÓN

.Constitución do Departamento

. Plan de reunión dos membros

.Coordinación con outros membros da comunidade educativa

5.2- ACCIÓNS PRIORITARIAS RELACIONADAS CON:

.Xestión do Departamento de Orientación

. Plan de acollida

. Concreción do Plan de Acción Titorial

. Concreción do Plan de Orientación Académico Profesional

6-ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN RECURSOS

7- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PLANIFICACIÓN

8- ANEXOS

-Programación Pedagogía Terapéutica

- Programación Audición e Linguaxe

1 INTRODUCCIÓN

A orientación podemos dicir que é un proceso de axuda que está dentro da actividade educativa e ten como obxectivo principal o desenvolvemento integral do alumnado, coa finalidade de capacitalo para unha aprendizaxe autónoma e activa na realidade social. Enténdese como un continuo ao longo de todo o proceso educativo do alumnado.

Tamén deberá ser compensadora ante posibles desigualdades e favorecedora dunha atención a diversidade. Irá dirixida a tódolos sectores da comunidade educativa.

O modelo de intervención do departamento de orientación, tratará de adecuarse ás necesidades que vaian xurdindo, tendo en conta a quen van dirixidas as actuacións, e o contexto no que se desenvolven. Estruturarase en programas que se axusten aos tres principios fundamentais de prevención, desenvolvemento e intervención social.

Para o desenvolvemento das súas funcións e acadar estes fins o departamento de orientación actuará en tres ámbitos interrelacionados:

- Acción tutorial.
- Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe e da atención a diversidade
- Orientación académica e profesional.

Para realizar o Plan de Orientación debemos ter en conta unha perspectiva sistémica, as características dos diferentes membros que compoñen a comunidade educativa, é dicir, entorno sociocultural, centro, alumnos e familias así como partir dunha análise do Proxecto Educativo de Centro (PEC), da Memoria Anual do Departamento de Orientación do curso anterior, as directrices aprobadas na Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) así como as distintas disposicións legais que regulan a nosa labor orientadora.

2- MARCO LEXISLATIVO

A programación anual do departamento trata de axustarse a seguinte lexislación:

Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro. LOMLOE.pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de educación.

Orde do 8 de setembro do 2021 polo que desenvolve o Decreto 229/2011 de atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia na

que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei 2/2006 do 3 de maio de educación.

Orde do 25 de xaneiro do 2022 pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación Primaria Secundaria e Bacharelato no sistema Educativo de Galicia.

Decreto 156 / 22 de 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 120/1998 de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia,

Orde de 24 de xullo que o desenvolve, neles estrutura a organización escolar nos seguintes niveles:

- Na aula, acción tutorial.
- No centro, departamento de orientación.
- Servizos externos, equipos de orientación específicos.

A programación Anual do departamento de orientación trata de axustarse a lexislación vixente, tendo en conta ademais das xa nomeadas, as seguintes disposicións entre outras:

- **Orde do 8 de setembro de 2021**, polo que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio., de educación.

- **Decreto 324/1996** de 26 de xullo polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos institutos de Educación Secundaria da Comunidade Autónoma Galega e na **Orde do 1 de agosto de 1997** (DOG do 2 de setembro) que desenvolve o mencionado decreto.

- **Orde ECD/65/2015**, que describe a relación entre competencias, contidos e criterios de avaliación.

- **Orde 27 de decembro de 2002** pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

- **Circular nº 8/2009** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

- **Circular nº 10/2010** da Dirección Xeral de Formación de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional da comunidade autónoma de Galicia.

- Resolución do 23 de maio de 2024 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se dictan as instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato no curso 24 /25

3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O Instituto de Educación Secundaria Xesús Ferro Couselo está situado nunha zona periférica da cidade de Ourense, no barrio de Mariñamansa. É un centro público, dependente da Consellería de Educación e inaugurado no ano 1989. A maior parte do alumnado do Centro vive no Concello de Barbadás .

No curso académico 2024-2025 , impartiranse as seguintes ensinanzas co seguinte nº de alumnado:

NIVEL	UNIDADE	Nº ALUMNADO
1º ESO	3	80
2º ESO	3	65
3º ESO	3	70
4º ESO	2	50
1º BAC	2	59
2º BAC	2	42
TOTAL	16	366

Tendo en conta este contexto e baseándonos nas directrices da CCP e da Circular 10/2010 pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer accións prioritarias dos servizos de Orientación, concluimos as seguintes necesidades:

a) Necesidades detectadas entre o alumnado:

- Avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Mellora da adquisición das competencias clave en tódolos niveis.
- Fomento do gusto pola lectura e o hábito lector.
- Mellora da comprensión lectora como base para a adquisición de hábitos de estudo e técnicas de traballo intelectual.
- Fomento da autoestima e o autoconceito como vía para acadar o pleno desenvolvemento

persoal e social.

- Reflexión sobre a realidade de diversidade
- Desenvolvemento de capacidade de empatía.
- Prevenición do acoso escolar.
- Prevención de condutas contrarias á convivencia e promoción da igualdade.
- Prevención de condutas sexistas e da violencia de xénero.
- Fomento da educación emocional e hábitos de vida saudables.
- Orientación vocacional ao longo de toda a escolaridade obrigatoria, con especial atención ás transicións educativas.

b) Necesidades Detectadas no Equipo Docente.

- Asesoramento en relación ás medidas de atención á diversidade.
- Asesoramento específico respecto á elaboración das ACIS
- Dinamización da función titorial.
- Apoio e asesoramento durante a posta en marcha e desenvolvemento dos programas e actuacións relacionadas co departamento de orientación.

c) Necesidades detectadas nas familias:

- Coordinación e colaboración nos procesos de ensinanza/aprendizaxe dos fillos/as, sobre todo no caso de alumnado NEAE.
- Asesoramento sobre pautas educativas especialmente no relativo ao fomento dos hábitos de estudo e a erradicación de prexuízos de xénero.
- Información sobre as posibilidades académicas e profesionais para os seus fillos e fillas.
- Proposta de actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do centro e na educación das súas fillas/os.
- Colaboración na relación co profesorado titor, potenciando a figura das titorías como o primeiro nivel da cadea da orientación.

d) Necesidades detectadas con respecto ao centro:

- Continuidade da relación e colaboración coas institucións da zona, para aproveitar os recursos que existen.
- Visibilización das accións educativas na contorna.
- Consecución dunha identidade do centro como promotor dos valores de igualdade, equidade e respecto pola diversidade.

4- OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Contribuír á mellora da calidade do ensino e en consecuencia ao desenvolvemento integral do alumnado.
 - Potenciar e dinamizar a acción tutorial do centro, axudando ao profesorado tutor na planificación de actividades axeitadas ás necesidades do grupo-clase sobre todo en temas como : planificación do estudo, convivencia, desenvolvemento afectivo- sexual, emocional.
 - Contribuír a unha adecuada convivencia e fomentar a igualdade como valor fundamental para a mesma.
 - Desenvolver programas de mellora da convivencia e resolución de conflitos.
 - Fortalecer a orientación persoal, académica e profesional.
 - Atender á diversidade do alumnado dunha forma coherente e de calidade.
 - Asesorar ao centro en aspectos organizativos e curriculares.
 - Fomentar e enriquecer a relación do centro coas familias.
 - Xerar no DO un equipo de traballo cohesionado.
 - Orientar e implicar as familias na educación dos seus fillos/as.
 - Potenciar a colaboración con outros departamentos da zona, e co Equipo de orientación específico.
 - Contribuír a unha adecuada relación entre os distintos membros da comunidade educativa e desta coa contorna.
- Impulsar a coordinación entre departamentos para desenvolver accións conxuntas.
- Dar a coñecer os protocolos e plans estratéxicos establecidos pola Consellería de Educación.
- Alcanzar un nivel adecuado de cooperación centro-familia.
- Implicar ao maior nº posible de profesores no funcionamento do DO.
- Impulsar a participación en actividades de formación permanente, innovación e investigación educativa.
- Asesorar ao Equipo Directivo e Profesorado sobre as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial.

4.1 ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Obxectivos específicos

ALUMNADO

- Asesorar ós departamentos e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.

· Elaborar e poñer en practica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.

· Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumno/a, con intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.

· Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

· Incluír positivamente a todo o alumnado a nivel de aula e centro.

· Realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado que presente dificultades.

· Revisar, actualizar e/ou elaborar reforzos educativos e/ou adaptacións do currículo.

· Realizar un seguimento personalizado dos procesos de ensino-aprendizaxe dos alumnos, en especial dos que se atopan con MAD.

· Desenvolver estratexias e actuacións dirixidas a mellorar o éxito escolar e a competencia de aprender a aprender.

· Crear hábitos de lectura e contribuír á mellora da competencia en comunicación lingüística.

PROFESORADO

· Colaborar co profesorado na detección precoz de necesidades, implementación e seguimento de MAD.

· Asesorar sobre a intervención con ACNEAE e ACNEE

· Difundir programas de reforzo como os contidos dentro dos contratos programa (PROA, reforzo competencias clave...).

FAMILIA

- Orientar e implicar á familia na educación dos seus fillos/as.
- Establecer canles de información e comunicación.
- Cooperar no proceso de acollida de alumnado estranxeiro e as súas familias.

C. ADSCRITOS

- Fomentar a coordinación e colaboración con reunións puntuais para información e seguimento de ACNEAE.

CONTEXTO

- . Potenciar a cooperación coa administración educativa.
- . Cooperar con aociacións, organizacións e institucións especializadas, ONCE etc.
- . Concretar a coordinar actuacións necesarias co EOE.

4.2 -ACCIÓN TITORIAL

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

ALUMNADO

- Levar a cabo programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos (mediación, igualdade...).
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e da interiorización dun adecuado sistema de valores.
- Colaborar no logro dunha boa integración do alumnado no centro e no grupo.
- Previr conflitos a través da aprendizaxe e consolidación de habilidades sociais.
- Coñecer a diversidade cultural como fonte de riqueza e demostrar unha actitude respectuosa cara a ela.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles.
- Coñecer os indicios que alertan sobre situacións de violencia de xénero, o protocolo de actuación e os recursos dispoñibles.

PROFESORADO

- Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no plan de acción titorial (PAT) .

- Impulsar a acción tutorial, sensibilizando, asesorando e colaborando co profesor-titor na planificación de actividades.

FAMILIAS

. Fomentar a súa participación nas actividades propostas polo centro e polo DO.

C. ADSCRITOS

- Incluir actividades referidas a primaria dentro das actuacións do DO.

- Tamén se participa no programa de Alumnos/as tutores/as..

- Xornada de portas abertas na que ven os nenos/as de 6º de Educación Primaria e seus pais a coñecer o IES, ensínase, e tamén se lle informa do funcionamento do mesmo, sobre todo daqueles aspectos que lle afectan, horarios, hora de entrada, mediación, punto laranxa, organización etc.

CONTEXTOS

-Cooperar con asociacións, organizacións e institucións especializadas, ONCE, etc

4.3- ORIENTACIÓN ACADÉMICA PROFESIONAL

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

ALUMNADO

.-Promover o autoconecemento para definir as motivacións e intereses do alumnado.

- Contribuír á adquisición de habilidades para a toma de decisións

· Dar a coñecer as posibilidades do sistema educativo e do mundo laboral.

· Prestar atención ós momentos de transición académica ou ó mundo laboral, asesorando ó alumnado nos distintos itinerarios formativos, nas validacións, na elección de materias, nas competencias para a empregabilidade e nas técnicas de busca de emprego.

· Proporcionar asesoramento grupal ou individualizado cando sexa necesario.

- Promover medidas tendentes á diminución do absentismo escolar e do abandono temperá dos estudos.

PROFESORADO

· Colaborar na implementación e seguimento das actuacións de orientación persoal, académica e profesional (novas materias, vías na ESO, Bacharelato etc.) .

· Asesorar sobre avaliacións externas, condicións de promoción e titulación.

C.ADSCRITOS

Potenciar accións de orientación profesional coordinadas entre centros

CONTEXTO

Potenciar a colaboración entre o centro e Universidades , Centros de FP etc.

4.5- OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE

Debemos mencionar, que a Orientación, como ámbito educativo, tamén contribúe a acadar os Obxectivos Xerais que se perseguen no sistema educativo, o que se reflicte na achega á consecución das competencias clave que recolle a LOMLOE, :

a) **Competencia na comunicación lingüística:** Nas clases de titoría fomentaremos a linguaxe como instrumento para favorecer a comunicación e o intercambio de coñecementos e necesidades nas relacións próximas (a familia, os amigos, e os compañeiros) asertividade, empatía, actitudes de diálogo e resolución de problemas. A linguaxe como medio de expresión de emocións e sentimentos, e como medio de diálogo e negociación, para resolver os conflitos.

b) **Competencia dixital:** A utilización das TIC como medio para coñecemento dun mesmo/a (intereses, capacidades, valores e necesidades). Tamén para coñecer o entorno social, cultural, educativo e laboral (recursos e direccións útiles).

c) **Sensibilización e expresións culturais** Por medio da nosa metodoloxía, indagaremos na conciencia das propias habilidades e destrezas sociais, así como das nosas dificultades. Promocionaremos as habilidades e destrezas socioafectivas para traballar e relacionarse con distintos tipos de persoas e grupos. Favoreceremos a experiencia directa da participación democrática e da responsabilidade social. Impulsaremos proxectos de convivencia, mediación e igualdade que contribuirán a adquisición dunha competencia social e cívica axeitada.

Dende as actividades propostas, buscaremos, dun xeito transversal, que o alumnado explore a súa capacidade para expresarse a través das diferentes posibilidades artísticas que temos na sociedade.

e) **Competencia para aprender a aprender:** Nos programas a desenvolver, traballaremos as habilidades cognitivas. Características que definen a unha persoa aberta a aprender: autoesixencia, responsabilidade, confianza, vontade, fortaleza, apertura ao cambio, mentalidade creativa e innovadora.

f) **Sentido da Iniciativa e espírito emprendedor:** Na orientación vocacional traballaremos o proxecto de vida persoal. Os seus compoñentes (entorno social, familiar e académico-laboral). Actitude e afán de superación e mellora dos diferentes tipos de capacidade. O emprendemento: creatividade, planificación e xestión de proxectos.

g) **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** Son competencias máis curriculares, pero dende o Dpto. de Orientación faremos fincapé nas profesións emerxentes, nas tecnoloxías da aprendizaxe, e nas vocacións científicas.

5. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

5.1. PLANIFICACIÓN XERAL

· **Constitución do Departamento de Orientación:**

Dacordo co establecido no artigo 3 do Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia, constitúese o departamento de orientación para o curso 2022/2023, cos seguintes membros:

MARÍA RÚA BLANCO	Xefa do D.O.
M. ^a CONCEPCIÓN LÓPEZ MARTÍNEZ	Profesor Pedagogía Terapéutica
ADRIÁN MENDEZ LÓPEZ	Profesor de Audición e Linguaxe
PILAR FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ	Profesor ámbito lingüístico-social
ANA M. ^a GÓMEZ MESEJO	Profesor ámbito científico-tecnolóxico

· **Plan de reunións:**

Respecto ao plan de reunións dos membros do departamento, tal e como establece a Orde do

4 de xuño de 2012 pola que se modifica o artigo 4 da Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente, o Departamento de Orientación reunirse como mínimo unha vez ao mes, previa convocatoria por parte da xefa do departamento, que ao longo do curso 2023/2024, realizarase os martes .

As reunións ordinarias levaranse a cabo, preferentemente , entre as especialistas de PT e AL e a orientadora, o resto dos membros do departamento serán convocados , se é o caso, cando os contidos a tratar así o requiran.

· Coordinación con outros membros da comunidade educativa:

- Co equipo directivo, de cara a promover, coordinar e facilitar o deseño e desenvolvemento das actividades de orientación e tutoría, así como procurar a dispoñibilidade de espazos e tempos axeitados e recursos humanos e materiais para a execución das mesmas.
- Co profesorado titor, para o deseño e desenvolvemento do plan de acción tutorial e o seguimento dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- Co profesorado en xeral, para organizar o proceso de ensino-aprendizaxe de xeito que se dirixa á educación integral e personalizada dos alumnos e alumnas, para asesoralos na implementación das oportunas medidas de atención á diversidade e para realizar o seguimento destas medidas.
- Cos Servizos Sociais do Concello, para a colaboración na detección de situacións de risco dos menores e na intervención para mellorar as condicións persoais e familiares.
- Co departamento de orientación dos centro adscritos, C.E.I.P. O Ruxidoiro e C.E.I.P. Filomena Dato, co fin de unificar criterios, e aportar información sobre o alumnado de nova incorporación ao IES.
- Outros: cos responsables de programas de prevención e intervención (área de igualdade do Concello, Educación familiar do Concello...) para organizar actividades conxuntas dirixidas á comunidade educativa.
- Coa ONCE.
- Co SERGAS, Proxecto YAN, para a prevención do risco suicida.

CONCRECIÓN PLAN ACCIÓN TUTORIAL

CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

1º ESO

1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none">-Plan acollida :<ul style="list-style-type: none">- Presentación e acollida do alumnado.- Dinámicas de cohesión grupal- Coñecemento inicial do alumnado : Cuestionario persoal-Actividades previas a elección de delegado (características)-Elección de delegado.- Normas de organización e funcionamento do centro e da aula.- Dereitos e deberes.- Programa para uso responsable das novas tecnoloxías. (Ademáis do que se poda traballar na aula solicitarase a charla do PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA).- Actividades de prevención da violencia de xénero. Respecto as diferencias.- 25 de Novembro : Día internacional sobre a violencia de xénero.- Sesión informativa sobre resolución de conflitos (Mediación escolar).- Técnicas e hábitos de estudo<ul style="list-style-type: none">- Cuestionario de hábitos de estudo- Organización do tempo.- Elaboración de resumos , esquemas- Uso da axenda .- Posta en práctica do Plan de benestar emocional.- Avaliación das actividades de tutoría do trimestre- Sesión de preavaliación.
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none">- Sesión de postavaliación (comentario dos resultados da anterior avaliación , propostas de mellora e compromisos).- 30 xaneiro día da non violencia e da paz. Resolución pacífica de conflitos.- Prevención acoso escolar. Volver a incidir sobre o punto laranxa tanto no IES como na WEB- Autoconhecimento e autoestima.- 8 de marzo: día internacional da muller.- Continuidade : Plan benestar emocional.- Avaliación das actividades do trimestre.-Sesión de preavaliación
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none">- Sesión de postavaliación (comentario dos resultados da anterior avaliación , propostas de mellora e compromisos).- Melloramos as habilidades sociais.- Programa orientación académica:<ul style="list-style-type: none">- Coñecemos o sistema educativo.- Características de 2º ESO (presentación do curso, materias optatividade etc)- Reunión coas familias para informar sobre o curso seguinte.

	<ul style="list-style-type: none"> - Preavaliación final de curso. - Avaliación da titoría. Apectos a mellorar
--	--

2º ESO

1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> -Plan acollida : <ul style="list-style-type: none"> - Presentación e acollida do alumnado. - Dinámicas de cohesión grupal - Coñecemento inicial do alumnado : Cuestionario persoal -Actividades previas a elección de delegado (características) -Elección de delegado. - Normas de organización e funcionamento do centro e da aula. - Dereitos e deberes. - Programa para uso responsable das novas tecnoloxías. (Ademais do que se poda traballar na aula solicitouse charla do PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA). - Actividades de prevención da vilencia de xénero. Respecto as diferencias. - 25 de Novembro : Día internacional sobre a violencia de xénero. - Sesión informativa sobre resolución de conflitos (Mediación escolar). - Continuidade con técnicas e hábitos de estudo <ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario de hábitos de estudo - Organización do tempo. - Elaboración de resumos , esquemas - Uso da axenda . - Posta en práctica do Plan de benestar emocional. - Avaliación das actividades de titoría do trimestre - Sesión de preavaliación.
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - Sesión de postavaliación (comentario dos resultados da anterior avaliación , propostas de mellora e compromisos). - 30 xaneiro día da non violencia e da paz. Resolución pacífica e asertiva de conflitos. - Charlas sobre Bullyng (prevención) - Educación para a saúde prevención do consumo de sustancias - Programa sobre técnicas de traballo intelectual. - 8 de marzo: día internacional da muller. - Continuidade : Plan benestar emocional. - Avaliación das actividades do trimestre. -Sesión de preavaliación
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - Sesión de postavaliación (comentario dos resultados da anterior avaliación , propostas de mellora e compromisos). - Melloramos as habilidades sociais. - Programa orientación académica: <ul style="list-style-type: none"> - Autoconhecimento - Características de 3º ESO (presentación do curso, materias optatividade etc) - Reunión coas familias para informar sobre o proxi-

	mo curso , matricula , optatividade.
--	--------------------------------------

3º ESO

1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> -Plan acollida : <ul style="list-style-type: none"> - Presentación e acollida do alumnado. - Dinámicas de cohesión grupal - Coñecemento inicial do alumnado : Cuestionario persoal -Actividades previas a elección de delegado (características) -Elección de delegado. - Normas de organización e funcionamento do centro e da aula. - Dereitos e deberes. - Charlas do Plan Director - Actividades de prevención da violencia de xénero. Respecto as diferencias. - 25 de Novembro : Día internacional sobre a violencia de xénero. - Sesión informativa sobre resolución de conflitos (Media-ción escolar). - Prevención acoso escolar. Volver incidir sobre punto laranxa tanto no IES coma na WEB. - Continuidade con técnicas e hábitos de estudo <ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario de hábitos de estudo - Posta en práctica do Plan de benestar emocional. - Avaliación das actividades de tutoría do trimestre - Sesión de preavaliación.
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - Sesión de postavaliación (comentario dos resultados da anterior avaliación , propostas de mellora e compromisos). - 30 xaneiro día da non violencia e da paz. Resolución pacífica e asertiva de conflitos. - Charlas sobre Bullyng (prevención). Recordatorio do punto laranxa tanto no IES como na WEB. - Educación para a saúde prevención do consumo de sustancias. - Educación afectivo- sexual. - Habilidades sociais - Programa sobre técnicas de traballo intelectual. - 8 de marzo: día internacional da muller. - Continuidade : Plan benestar emocional. - Avaliación das actividades do trimestre. -Sesión de preavaliación
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - Sesión de postavaliación (comentario dos resultados da anterior avaliación , propostas de mellora e compromisos). - Programa prevención de conductas violentas , uso das Tics e das redes sociais. - Programa orientación académica: <ul style="list-style-type: none"> - Autoconhecimento

	<ul style="list-style-type: none"> - Características de 4º ESO (presentación do curso, materias optatividade , promoción, etc) - Reunión coas familias para informar sobre o proximo curso , matricula , optatividade.
--	--

4º ESO

1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> -Plan acollida : <ul style="list-style-type: none"> - Presentación e acollida do alumnado. - Dinámicas de cohesión grupal - Coñecemento inicial do alumnado : Cuestionario persoal -Actividades previas a elección de delegado (características) -Elección de delegado. - Normas de organización e funcionamento do centro e da aula. - Dereitos e deberes. - Programa para uso responsable das novas tecnoloxías. (Ademais do que se poda traballar na aula solicitouse charla do PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA). - Actividades de prevención da violencia de xénero. Respecto as diferencias. - 25 de Novembro : Día internacional sobre a violencia de xénero. - Sesión informativa sobre resolución de conflitos (Mediación escolar) - Técnicas e hábitos de estudo <ul style="list-style-type: none"> - Planificación dun calendario persoal de estudo - Selección de información - Coller apuntes - Preparación de exames - Elaboración de traballos - Posta en práctica do Plan de benestar emocional. - Avaliación das actividades de tutoría do trimestre - Sesión de preavaliación.
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - Sesión de postavaliación (comentario dos resultados da anterior avaliación , propostas de mellora e compromisos). - 30 xaneiro día da non violencia e da paz. Resolución pacífica e asertiva de conflitos. Fases para solucionarlos e distintas respostas. - Charlas sobre Bullyng (prevención). Recordatorio do punto laranxa tanto no IES como na web. - Educación para a saúde prevención do consumo de sustancias. - Educación afectivo- sexual. - Habilidades sociais - Charla sobre alumnos titores de 1º ESO. - 8 de marzo: día internacional da muller. - Continuidade : Plan benestar emocional. - Avaliación das actividades do trimestre. -Sesión de preavaliación

3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - Sesión de postavaliación (comentario dos resultados da anterior avaliación , propostas de mellora e compromisos). - Programa de orientación académica. - Coñecemento do sistema educativo e intereses profesionais. Información sobre: <ul style="list-style-type: none"> -Bacharelato - Ciclos Formativos - Ensinanzas de rexime especial -Mundo laboral - Toma de decisións. -Avaliación final da titoría
--------------	--

Ademáis realizaranse actividades en colaboración con outras institucións:

- **Quérote +**
- **Plan director para a convivencia.**
 - **Universidades**
 - **Institutos que ofrecen diferentes graos da FP**

CONCRECIÓN PLAN ACADÉMICO PROFESIONAL

Con este plan preténdese que o alumnado adquira un mellor coñecemento de sí mesmo e axudalo a que tome as decisións máis axeitadas sobre distintas opcións que se lle presentan ao rematar cada etapa.

Tamén facilitarlle a transición do sistema educativo ao mundo laboral, con especial atención ao alumnado NEAE.

Axudarlle na busca

CONCRECIÓN DO PLAN:

1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - Xornada de portas abertas para recepción do alumnado de 6º de Educación Primaria. Visita ao IES, coñecemento das distintas instalacións, charla informativa sobre o novo curso, materias etc. - Recordar quen son os alumnos/as titores/as que lles van axudar, e telo de referencia. - Autoconecemento. - Proporcionarlles información sobre a etapa na que empezan , características , finalidades , estrutura e materias. - Información sobre 2º de ESO, materias , etc.
2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - Autoconecemento - Información sobre o curso no que están, características, finalidades, avaliación, promoción , estrutura das materias. - Coñecemento de materias optativas ofertadas para o curso seguinte. - Explicación da oferta educativa para aquel alumnado que teña 15/16 anos e non teña expectativas de acadar o Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. A FPB (Formación Profesional Básica). -Información sobre o curso de 3º ESO
3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> -Cuestionarios sobre intereses , aptitudes etc (autoconecemento).

	<ul style="list-style-type: none"> - Entrevistas individuais con orientación. - Coñecemento dos criterios de promoción, itinerarios , optativas do curso de 4º ESO. - Estratexias de búsqueda e análise da información. - Reunión informativa coas familias para explicar a optatividade etc. - Información sobre a FPB - Probas de acceso a ciclos para o alumnado maior de 17 anos.
4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - Cuestionarios de intereses profesionais. - Programa orienta. - Estudo da traxectoria escolar. - Entrevistas individuais co titor e orientación. - Reunión na clase para informalos sobre o Bacharelato, Ciclos Formativos etc. solventar as dúbidas. Búsqueda de información. - Probas de acceso a ciclos para o alumnado maior de 17 anos. - Información sobre estudos de adultos para aquel alumnado que teña 17- 18 anos e non acade o Graduado. - Informar sobre estratexias de búsqueda de emprego.
1º BAC	<ul style="list-style-type: none"> -Cuestionario de intereses profesionais. - Información sobre cambio de modalidade para 2º BAC - Información sobre acceso a Universidade. - Acceso a Ciclos Formativos de grao superior. - Información sobre probas de acceso a ciclos de grao superior para aquel alumnado que teña 19 ou máis anos. - Charlas individuais cos titores e con orientación .
2º BAC	<ul style="list-style-type: none"> -Cuestionario de intereses profesionais. - Charla da CIUG, sobre a ABAU (matrícula, datas características etc) e das diferentes Universidades, residencias , becas etc - Información sobre acceso a Universidade. Ponderacións etc. - Acceso a Ciclos Formativos de grao superior. - Información sobre probas de acceso a ciclos de grao superior para aquel alumnado que teña 19 ou máis anos. - Ensinanzas de réxime especial. - Charlas individuais cos titores e con orientación , para resolución de dúbidas e información que precisen. - Visita a EDUGAL (mostra de orientación , charlas, folletos). Se ofertan actividade -Visita a Universidade se ofertan esta actividade. - Asesoramento sobre matriculación NERTA - Atención as familias que demanden información.

RECURSOS

TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS

TEMPORALIZACIÓN:

A temporalización para a realización das actividades prioritarias establécese no apartado 5: *Planificación xeral e accións prioritarias*, así como nos anexos referentes a cada ámbito.

RECURSOS:

a) Humanos.

- Xefa do Departamento de Orientación
- Profesor de pedagogía terapéutica.
- Profesor de Audición e Linguaxe
- Tutores ESO.
- Equipo Directivo
- Profesorado das materias.
- Persoal externo: Concello, Policía (Plan Director para a convivencia) , Quérote+,...persoal da Universidade , Sergas (programa emocional), YAN Servicios Sociais., Equipo de Orientación Específico. ONCE.

b) Materiais.

- Proxecto educativo.
- Escalas de observación, cuestionarios e probas psicopedagóxicas.
- Expedientes do alumnado.
- Informes psicopedagóxicos.
- Material escolar e curricular.
- Bibliografía do departamento.
- Lexislación educativa
- ...

ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

O departamento actuará en tres ámbitos interrelacionados: atención á diversidade e apoio ó proceso de ensinanza-aprendizaxe, acción tutorial e orientación académico-profesional.

A avaliación inicial permite coñecer a realidade educativa e as necesidades do contexto do que se deriva a intervención antes de desenvolver un plan ou programa específico. Polo tanto en cada un destes ámbitos especificaranse os obxectivos que se pretenden , as actuacións a levar a cabo para conseguilos e os procedementos para realizar o seguimento e a avaliación.

No que se refire ao modelo de intervención do departamento de orientación, trátarase de adecuar ás necesidades que vaian xurdindo ,tendo en conta a quen van dirixidas ás actuacións, e o contexto no que se desenvolven, intentando introducir de forma progresiva un modelo de intervención a través de programas, por canto abrangue os tres principios fundamentais de prevención, desenvolvemento e intervención social.

A organización e implicación na tarefa educativa e orientadora, a nivel do propio centro, facilita este tipo de intervención con estratexias como:

- Flexibilización do currículo que permite incluír a orientación.
- Reunións de coordinación cos distintos axentes da intervención orientadora.
- Entrevistas individuais co alumnado e as familias.
- Charlas informativas para familias, alumnado e profesorado.
- Elaboración de material.
- Asesoramento directo ao alumnado, grupal e individualmente.
- Programas de intervención.
- Instrumentos e probas psicopedagóxicas para as avaliacións psicopedagóxicas.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

a) O proceso:

O proceso de avaliación ten un carácter continuo e comprende tres funcións básicas, referidas a unha fase concreta ou momento determinado do proceso avaliativo:

1ª-*Avaliación Inicial*: permite coñecer-la realidade educativa e as necesidades do contexto do que se deriva a intervención antes de desenvolver un plan ou programa específico.

2ª-*Avaliación Formativa ou Procesual*: proporciona información durante o desenvolvemento do proceso para efectuar-los cambios e axustes necesarios.

3ª-*Avaliación Final*: Determina o alcance dos resultados acadados ó remate do proceso. A finalidade é medir a funcionalidade ou aplicabilidade do plan ou programas no seu conxunto e as posibles modificacións para conseguir unha mellora.

b) Criterios

Como criterios de avaliación do plan pódense considerar:

-A adecuación do plan ás necesidades establecidas (relación entre os obxectivos propostos e as ne-

cesidades existentes, así como a medida en que foron acadados ditos obxectivos e a xestión de medios aplicados para conseguilos).

-Grao de coherencia e obxectividade (consistencia das propostas).

-Funcionalidade, aplicabilidade e relevancia para cubrir necesidades.

-Actualización ou adecuación a situacións reais que poidan xurdir.

c) *Instrumentos:*

- Protocolos.

- Actas e informes

- Actividades específicas (grao de satisfacción e autovaloración de propio traballo)

- Memoria.

Para realizar a avaliación e seguimento do plan teranse en conta os datos aportados polos diferentes cuestionarios de avaliación e autoavaliación, as observacións, propostas e conclusións dos diferentes membros da comunidade educativa e de tódolos implicados na acción orientadora, en función dos resultados acadados e das posibilidades de continuidade e mellora do proceso orientador.

A valoración global das accións realizadas reflexarase nunha memoria final, na que se indicará o nivel de consecución dos obxectivos previstos no plan anual, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse ó plan do curso seguintes.

Na valoración global indicarase o nivel de consecución dos obxectivos previstos no plan anual, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse ó plan do curso seguinte.

Ourense 16 de setembro de 2024

Xefa do departamento

Asdo: María Rúa Blanco

